

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO GOBERNO

EXPEDIENTE: 2019/G003/002367

En sesión plenaria de 2 de xullo de 2019, de organización da Corporación Local, prestouse aprobación á creación de 7 postos de traballo de persoal eventual de confianza.

Máis concretamente, no punto décimo se crearon 4 postos de persoal eventual para o Goberno e 3 postos de persoal eventual para a oposición.

Os postos para o Goberno (4) son 2 administrativos/as de Gabinete da Alcaldía e 2 auxiliares administrativos/as para o Goberno.

Visto todo o que antecede, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, mais concretamente das previstas nos artigos 21.1.h) e 104 da Lei //1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), **resolve:**

Primeiro.- Nomear persoal eventual de confianza do Goberno a **Rosalía Seijas Tuñas** con [REDACTED] coa categoría profesional de auxiliar administrativo do Goberno Municipal.

As características son as recollidas para este posto no acordo plenario de organización de 2 de xullo de 2019. A súa xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade, segundo as necesidades do Goberno Municipal. Terá unha retribución bruta anual de 20.473,28 euros, que se percibirán en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As súas retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Segundo.- O nomeamento terá efectos dende o 5 de setembro de 2019, previa aceptación de Rosalía Seijas Tuñas.

Terceiro.- Publicar esta resolución a efectos de xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo.

C.I.F.: P - 1500200 - I

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 03/09/2019 17:34:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 04/09/2019 08:23:00)

Decreto N°: 2296/2019 - Fecha de decreto: 03/09/2019
Versión imprimibleCVD: Y1/JPnFtm1BJ5Xc6b3sd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.